



## Abastecemento Auga

\* Durante todo o verán viñemos avisando da necesidade de facer un uso **RESPONSABLE** da auga da traída municipal. Vendo a **situación de seca** que seguimos sufrindo mesmo nestes meses de outubro/novembro **ROGAMOS** que a veciñanza faga un esforzo, sa cabe inda maior, para **reducir o seu consumo de auga**. Neste sentido dende o Concello coidamos que non se deben lavar beirarrúas, muros,... non se pode regar coa traída municipal e sobre todo débense solucionar as fugas, derivacións,... que fan que se perda moita auga.

Estas medidas son polo ben de todos, xa que levamos bombeando auga dende o río (cada vez con menos caudal) ininterrompidamente dende fai ano e medio, e **non hai previsión a curto prazo de que a situación mellore**. O bombeo dos últimos meses supúxolle ao Concello un gasto superior aos 30.000 €

## Axudas Municipais

\* **Axudas de Emerxencia Social**. O prazo de solicitude remata o 30 de novembro de 2017. Axuda destinada a sufragar gastos de necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de carencia, urxencia sociais ou marxinación social. Mais info nos servizos sociais do Concello e no BOP 194 de 11/10/2017.

\* **Axudas de Transporte escolar**. O prazo de solicitude remata o vindeiro 9 de novembro, pódense acoller a ela os rapaces/zas que, vivindo en Boimorto, cursaran educación superior (bacharelato ou Ciclo formativo) durante o curso 2016 / 17 noutro Concello. Mais info no Concello o BOP 194 de 11/10/2017.

\* **Axudas de Apoio á natalidade**. Remata o 30 de novembro de 2017. Pódense acollera a ela os pais/nais de nenos/as nados entre o 1 de de decembro de 2016 e o 30 de novembro de 2017 . A contía será de 300€ por fillo/a nado ou adoptado/a. Mais info no Concello o BOP 194 de 11/10/2017

## Servizos Sociais

\* O proxecto de **Bebeteca do Concello de Boimorto** en colaboración coa Deputación da Coruña pon en marcha unha serie de obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos. Trátase dun servizo gratuito que pretende:

- Ofrecer un lugar especial de ambiente cálido de estimulación, de xogo e de imaxinación para os nenos e nenas.
- Favorecer a relación entre os nenos/as e os seus proxenitores ou cuidadores realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo.
- Favorecer a relación entre os nenos e nenas deste idade. Nas actividades deberán participar o/a neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por un mestre.
- Ofertar un servizo de conciliación familiar de calidade e de participación familiar.

Horario: de 16:45 h a 18:15 h. Lugar: Centro Municipal de Maiores. Inicio: a actividade terá lugar no mes de novembro Inscripcións: ata o 10 de novembro. Terase en conta a orde de inscrición na actividade. Para inscribirse e máis información poden dirixirse ós Servizos Sociais de luns a venres de 12:30 h a 15:00 h ou no teléfono 981 51 60 75.

\* O Concello de Boimorto, a través do departamento de servizos sociais e en colaboración coa Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e a Asociación "Os nosos maiores" do Centro Municipal de Maiores pon en marcha un "Servizo de atención ás dificultades da memoria". A presentación do mencionado proxecto será:

Data: 10 de novembro.

Hora: 20:00 h

Lugar: Casa da Cultura.

Charla: **Qué podemos facer fronte as dificultades de memoria?. Presentación do "Servizo de atención ás dificultades de memoria".**

Conferenciante: Onésimo Juncos Rabadán. Profesor de Psicoloxía da Unidade de Psicoxerontoloxía e membro do grupo de investigación en Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

**Este é un proxecto moi importante para a veciñanza de Boimorto e comarca polo que contamos coa vosa presenza.**

\* Na páxina web do concello ([www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es)), os servizos sociais poñerán todos os meses a disposición da veciñanza artigos de interese de diferente temática para que poidan ser compartidos e visualizados por todos/as aqueles que se interesen polos seus contidos..

## **Cultura**

### **\* NOVIEMBRE CULTURAL:**

- Sábado 4 - **MAGOSTO 2017** a partir das 21:30 na antiga Telleira de Boimil. Teremos churrasco e castañas - 6€/persoa (menores de 12 gratis) Anotarse e recoller o ticket no Concello.
- Sábado 11 - Espectáculo de **MAXIA** ás 17:00 Casa da Cultura - *Encantamentos na biblioteca*
- Martes 14- **REGUEIFAS** Centro de Maiores ás 11:00
- Sábado 18 - **CONTACONTOS MUSICADO** ás 17:00 Casa da Cultura - *Letras e Notas*
- Sábado 25 - **MONICREQUES** ás 17:00 Casa da Cultura - *O Gato Simple*

## **Deportes**

\* **Programa Termal no Balneario Compostela de Brión:** Neste mes de novembro iremos os días 8, 15 e 22 de novembro. Os requisitos para poder participar son: Maiores de 60 anos e pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e empadroados no Concello de Boimorto, un máximo de 25 prazas por saída. Os interesados poderán comezar a inscribirse no Centro de Maiores ou nas oficinas do Concello.

## **A. F. Santiaguíños**

\*Dende o día 1 ao 5 de novembro o Grupo folclórico D'es Born de Menorca vai estar por Boimorto compartindo experiencias e vivencias cos Santiaguíños e os veciños de Boimorto. A nosa agrupación non podía perder a oportunidade de traer esta mostra do folclore de Menorca á nosa comarca polo que organizamos este intercambio, grazas ao cal vamos poder ver música e baile doutra comunidade.

Faremos unha actuación conxunta no Concello de Arzúa o 3 de novembro ás 20:00 no multiusos e en Boimorto estarán o día 2 ás 12:00 no CPI Armando Cotarelo e o día 4 as 20:00 no polideportivo Municipal e ao rematar iremos todos para o Magosto. Ese mesmo día 4, ás 18:30 a alcaldesa fara a recepción oficial ao citado grupo.

Invitamosvos a todos a que veñades a desfrutar desta experiencia.

Durante as actuación a agrupación habilitará unha hucha na que se poderá doar diñeiro para axudar as persoas dos Concello afectadas polos lumes, que como ben sabedes aconteceron en Galicia. Deste xeito Boimorto sumase a marea Lumes, Nunca Máis!

\*A agrupación segue a desenvolver as seguintes actividades:

- Pandeireta e canto tradicional
- Baile tradicional e agarrado(iniciación adultos)
- Baile tradicional e agarrado (perfeccionamento)
- Percusión tradicional
- Gaita(iniciación)
- Gaita (perfeccionamento)

Anotarse e mais información no 654 20 31 69